

# MAZARICOS

## PATRIMONIO

Os restos arqueolóxicos atopados en Mazaricos indican que os primeiros habitantes destas terras xa estaban establecidos pola zona desde hai catro mil cincocentos anos. As primeiras pegadas da humanización atópanse nos dolmens e mámoas, na súa maioría sen escavar.

### Arqueolóxico

Do período neolítico, destaca Dolmen da Mina de Parxubeira, na localidade de Corveira. Este monumento megalítico que data do III milenio a. C está integrado nunha necrópole formada por catro túmulos. O dolmen ten unha cámara poligonal e un corredor curto, no subsolo descubriuse un interesante achado, diversas pezas de cerámica campaniforme, unha punta de frecha, láminas de sílex, unha azuela e unha gubia.

Da cultura castrexa atopamos moitos restos de asentamentos, como os de Castro de Beba, Monte Aro, Lugarnovo, Castraron, Agrís, Montellos, Recarea, Enxilde ou Chacín.

O período da romanización tamén deixou algunhas pegadas interesantes, como pontes e calzadas e as lápidas funerarias de Chacín e San Cosme.

### Relixioso

Na igrexa de Santa Mariña de Maroñas (s. XII) de estilo románico, predomina a imaxe de Sta. Mariña presidindo a fachada e a cornixa sostida por modillóns que conforman un suxectivo repertorio de escenas do imaxinario medieval. No interior destacan as columnas salomónicas do retablo maior.



## NATUREZA

Mazaricos é un dos concellos máis extensos de Galicia, un verdadeiro paraíso natural de verde exuberancia, onde inmensas praderías e frondosos bosques son surcados por infindade de ríos que compoñen unha paisaxe idílica, moi típica da xeografía galega.

Pódese dicir que en Mazaricos, a natureza é filla da auga. Sobre a enorme penillanura de Mazaricos discorren encaixadas as canles do río Xallas e os seus afluentes, nunha gran trama acuática que fertiliza estas terras e orixina paisaxes tan emblemáticas coma a Devesa de Anllares, de gran importancia ecolóxica, sendo a fraga autóctona máis occidental de Europa.

A Devesa de Chancín é outra paraxe onde a beleza está escondida en cada recuncho; encaixada nun barranco horadado polo río de Santa Baia, crece un frondoso bosque con todos os matices do verde, ou dos dourados se vas en outono, alimentado pola forza das fervezas de Santa Leocadia e Santa Baia.

Se te achegas ao Alto das Paxareiras espérase unha panorámica de excepcional beleza. No teu percorrido non deixes de visitar Ferveza da Noveira, onde o río Arcos forma un desnivel de 10 m de altura nas rochas de granito rosa, é un lugar moi fermoso para descansar e mesmo tomar un baño nas pozas.

Para descubrir as maravillas desta fermosa terra o mellor e facer rutas de sendeirismo, seguindo o curso do río Beba, pola Devesa de Anllares, subir ao alto Alto das Paxareiras ou achegarse ao encoro da Ferveza, un lugar privilexiado para o avistamento de aves.

## RUTAS E AVENTURA

Gozar de Mazaricos é gozar da súa asombrosa natureza, onde che esperan infindade de actividades ao aire libre para todos os gustos; o mellor xeito de descubrir este increíble espazo natural é facendo rutas a pé, a cabalo, en bicicleta ou mesmo en automóbil.

Por exemplo é moi recomendable facer unha ruta percorrendo as catro fervezas de Mazaricos; a de Chancín, Santa Leocadia, Fírvado e a de Noveira.

Os amantes do deporte e da aventura atoparán neste concello un dos maiores centros de Turismo Activo de España; onde vivir experiencias inesquecibles, como escalada, piragüismo en tramos do río Xallas, equitación, voos en ultralixeiro ou tiro con arco.



## FESTAS

As festas en Mazaricos mesturan a tradición, a gastronomía, a diversión, e o fervor relixioso. Hai festas patronais e romarías con moita sona, ademais das festas de novo cuño, que están acadando moita afluencia nos últimos anos.

Dentro das romarías destaca a Romaxe da Virxe do Monte, en Coiro, onde acoden miles de romeiros coa esperanza de curar os males do corpo e do espírito, ademais de gozar das verbenas e dos xantares campestres.

Durante a segunda fin de semana de agosto, ten lugar unha celebración moi especial, a Festa da Ferveza. Na insua de San Cosme de Antes reúnen miles de persoas con ganas de pasalo ben nesta gran festa, onde hai infindade de actividades para todos os gustos; concertos, atraccións, degustación da carne tenreira desta zona, actividades lúdicas e deportivas ou a exposición agraria e gandeira.

No mes de marzo celébrase na Picota, a Festa do Bolo do Pote. Unha exaltación gastronómica para dar a coñecer e recuperar este tradicional prato da nosa cociña. Unha degustación popular dos deliciosos "bolos", elaborados con fariña de millo e centeo, e recheos de anacos de touciño entrefebrado e cun rustrido.

## GASTRONOMÍA

Un paseo gastronómico por Mazaricos é unha experiencia deliciosa que non te debes perder. A carne de tenreira merece unha mención especial, xa que os pastos que alimentan ó gando proporcionan unha carne exquisita; e da caza as especialidades a base de coellos, lebres, perdices e xabaris. Por non falar da delicadeza das troitas, nesta terra de ríos.

## CRUCEIRO DO CIROLÁN

Este curioso cruceiro data de 1861, é un dos coñecidos como "desencravos", nos que se escenifica a representación do "descendemento" de Cristo.

Sobre un capitel cuadrangular con cabezas de anxos con ás e unha caveira, atopamos a un grupo formado por Xosé de Arimatea e Nicodemo que xunto a un axudante desencravan a Cristo e descéndeno, mentres María atópase de xeonllo ao pé da escena.

No reverso, entre as escadas, a figura de San Boaventura cun libro na man dereita e unha pluma na esquerda. A obra atribúese ao escultor compostelán Francisco María Rodeiro Permyu.



A igrexa de San Xulián de Beba, foi construída no s. XII e reformada posteriormente, pero conserva algúns elementos do románico como a capela maior con bóveda de canón iluminada por unha fermosa xanela, que exteriormente está composta por un arco de medio punto apoiado sobre uns historiados capiteis. No interior destacan as tallas barrocas de San Xulián e outros santos.

A Igrexa de Santa María de Coiro é un templo de estilo barroco de tres naves, no que destaca a capela maior cuberta por bóveda de cruzaría, seguramente do século XVI. No interior garda dúas cruces procesionais, unha de prata e outra de ouro, obra de artesáns composteláns. A Capela da Virxe do Monte (1615), tamén en Coiro, ten un pórtico con seis columnas de pedra e porta rematada en arco.

Outros exemplos de arte relixiosa son a igrexa de San Cosme de Antes (s.XVI), a de San Salvador de Colúns ou a Igrexa de Santiago de Arcos, situada sobre un antigo castro celta.

O patrimonio complétase co Pazo de Fontán en Beba, e unha gran cantidade de cruceiros, levantados tanto nos atrios das igrexas coma nos camiños, nos que destacan os de Arcos, Colúns e Cirolán.

## ALTO DAS PAXAREIRAS

Desde os montes das Paxareiras a panorámica é increíble, 360º dunha beleza natural única. Aos teus pés o val e a inmensa praia de Carnota, cos seus 7 quilómetros de lonxitude, as marismas de Caldebarcos e a impresionante mole granítica do Monte Pindo, e nos días despeixados, a silueta do Cabo Fisterra no horizonte. No alto destes montes máis dun centenar de xeradores conforman o maior parque eólico de Europa.



## DEVESA DE ANLLARES

A Devesa de Anllares é un dos bosques atlánticos mellor conservados de Europa e o máis occidental do continente. Máis de 60 Ha dunha beleza arcaica, onde as árbores medran ao marxe da vontade dos homes nas beiras do río que as alimenta.

Percorrer este territorio é unha experiencia única; a de adentrarse nun mundo máxico, onde non é difícil imaxinar a seres mitolóxicos que nos observan, mesmo as árbores parecen custodiar a nosa andadura.

O impeto do Xallas acompañanos como unha presenza imponente que dá vida a moitas especies animais e vexetais, configurando paraxes increíbles de espesura impenetrable.

A Devesa de Anllares é un refugio da natureza para perderse no acougo e no acubillo deste inmenso bosque de árbores centenarias, que nos lembra a importancia de respectar e protexer estes lugares, sendo a herdanza máis importante que podemos deixar.



# MAZARICOS é Costa da Morte

## Plan de Axudas

Programa LEADER 2014-2020

### Territorio GDR- Costa da Morte.

O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo GDR- Costa da Morte correspóndese cos seguintes concellos:

- > Cabana de Bergantiños
- > Camariñas
- > Carballa
- > Carnota
- > Cee
- > Corcubión
- > Coristanco
- > Dumbria
- > Fisterra
- > A Laracha
- > Laxe
- > Malpica
- > Mazaricos
- > Muxía
- > Ponteceso
- > Vimianzo
- > Zas

Edificio Servizos Múltiples,  
Rúa A Torre, s/n  
15129 - VIMIANZO  
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,  
A Camposa, s/n, Buño,  
15111 - MALPICA DE BERGANTIÑOS  
T. 608 633 222

+ info 981 71 73 58  
gdrcostadamorte.com

# GDR COSTA DA MORTE

## UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

### RUTAS























-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 MEGALÍTICA
-  R2 DO ROMÁNICO
-  R3 DA PAISAXE
-  R4 DOS FAROS
-  R5 FÁBRICA DA LUZ
-  R6 DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 SANTO HADRIÁN
-  R9 OS PINOS NO MAR
-  R10 DAS PRAIS
-  R11 DAS FÉRVEDAS

### QR

Amplía información da Costa da Morte



### SIMBOLOXÍA

- |   |                      |   |  |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago   |  | Ponte  |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico                                       |
|  | Aula da Natureza     |  | Lonxa Fisterra   |
|  | Cemiterio de Cores   |  | Petroglifo   |
|  | Muíño                |  | Marco do Couto   |
|  | Igrexa Santuario     |  | Dolmen   |
|  | Pazo                 |  | Museo  |
|  | Castelo Torre        |  | Praia  |
|  | Cruceiro             |  | Fervenza Encoro  |
|  | Horreo               |  | Faro   |
|  | Museo do Alemán      |  | Paisaxe  |
|  | Pedras Máxicas       |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |

